



Concello de Meaño

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE 3 PERSOAS DESEMPREGADAS, CON CARGO A SUBVENCIÓN CONCEDIDA AO CONCELLO DE MEAÑO, ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2026, FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO ANO 2026

OCUPACIÓNS: 2 TRABALLADORES/A FORESTAIS e 1 ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A FORESTAL.

PRIMEIRA: Obxecto.

As presentes Bases regulan o procedemento selectivo para a contratación laboral temporal, mediante contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, de 3 traballadores/as, destinados a “Limpeza para a prevención de incendios forestais” ó abeiro da Resolución de concesión da axuda concedida ao Concello de Meaño nº Expte: TR351G-2026-00000035-05, no marco da ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural , programa Galicia Suma Talento:Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G)

SEGUNDA: Características do contrato de traballo e retribucións:

Ocupación	Grupo de Cotización	Nº traballadores a contratar	Duración dos contratos en meses	Xornada
Traballadores cualificados en actividades forestais e do medio rural: Traballador forestal (CNO: 64101051)	8	2	9	100%
Enxeñeiro/a	2	1	9	100%





Concello de Meaño

Técnico/a Forestal e do medio natural: Enxeñeiro forestal (CNO:24251011)				
--	--	--	--	--

A natureza dos contratos será laboral temporal empregando, necesariamente, a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

Os primeiros quince días de contrato de traballo, constitúen o período de proba que se regula no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

As retribucións brutas destes traballadores será a establecida no I Acuerdo Marco de Ámbito Estatal para o Sector de Actividades Forestais, respetando o SMI :

-Traballador/a forestal: 1.424,50 € brutos mensuais (que inclúen salario base, parte proporcional das pagas extra), ao que se engadirá a indemnización cese

-Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal : 1.424,50 € brutos mensuais (que inclúen salario base, parte proporcional das pagas extra), ao que se engadirá a indemnización cese.

TERCEIRA: Procedemento de selección

De acordo co previsto no artigo 14 da Orde de 22 de xaneiro de 2026 o Concello de Meaño remitirá unha oferta de emprego por cada categoría profesional solicitada á Oficina de Emprego de Cambados, a cal remitirá ao Concello de Meaño unha relación de candidatos preseleccionados pola mesma, sendo esta oficina a responsable de preseleccionar aos candidatos que cumpran os requisitos sinalados nas correspondentes ofertas.

Entendese que a preselección de candidatos por parte da oficina de emprego de Cambados basease nos criterios de prioridade previstos no artigo 14 da ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G)

A oficina de emprego de Cambados remitirá comunicación os/as candidatos/as por ela preseleccionados na que se lles convocará para a realización do proceso de selección no Concello de Meaño.





Concello de Meaño

As presentes bases estarán a disposición dos aspirantes na Casa do Concello de Meaño e na páxina web do Concello de Meaño (<https://meano.gal/>).

A data e a hora de realización das probas de selección será comunicada aos aspirantes no momento da súa convocatoria pola Oficina de Emprego.

Os/as candidatos/as, preseleccionados/as pola oficina de emprego, interesados/as en participar no proceso selectivo convocado, deberán presentarse provistos de:

- Documento nacional de identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.
- Carnet de conducir tipo B (para a ocupación de traballador forestal).
- Título de Enxeñeiro Técnico Forestal (para dita ocupación).

CUARTA: Requisitos dos aspirantes

Para ser admitidos á realización das probas de selección os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos xerais e específicos:

1.-Requisitos xerais:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que respecta ao acceso ao emprego público dos nacionais doutros estados.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas segundo o posto ao que se opte.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.





Concello de Meaño

- e) Ser desempregado/a, inscritos/as no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego.
- f) As persoas traballadoras que fosen contratadas no programa Aprod Rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2025. IGE) .
- g) Para a ocupación de Enxeñeiro Técnico Forestal, estar en posesión da titulación de Enxeñeiro Técnico Forestal ou equivalente.
- h) Estar en posesión do carnet de conducir tipo B, para a ocupación de traballador forestal.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

A posesión destes requisitos específicos condicionarán a admisión dos candidatos ó proceso selectivo.

2.- Os aspirantes deberán posuír todos os requisitos esixidos no apartado anterior no momento de preselección polo servizo público de emprego, no da selección polo Concello e na data de formalización da súa contratación.

QUINTA: Selección dos aspirantes:

Establecese como sistema de selección o concurso-oposición en virtude da necesidade de que os/as candidatos/as amosen a súa idoneidade para o posto a cubrir.

Os aspirantes serán convocados nun chamamento único, sendo excluídos os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

Deberán personarse no lugar, data e hora que se notifique polo Servizo Público de Emprego co D.N.I., pasaporte ou calquera outro documento válido legalmente que acredite a súa personalidade.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos comparecentes para que acrediten a





Concello de Meaño

súa identidade.

Para este tipo de contratación, o sistema de selección será Concurso-oposición que constará de:

A) FASE DE OPOSICIÓN:

Consistirá nunha PROBA TEÓRICO/PRÁCTICA: obrigatoria e eliminatoria

A Proba Teórica ou práctica, segundo determine o tribunal consistirá na realización dun exercicio escrito ou práctico con preguntas relacionadas co posto de traballo e relacionadas co temario que figura como Anexo I .

Este exercicio cualificarase entre 0 e 10 puntos sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 5,00 puntos , para a superación do mesmo.

B) FASE CONCURSO: Posterior á fase de oposición

Únicamente se valorarán os méritos que figuren no currículo que de cada candidato/a remita o Servizo Público de Emprego, podendo requirir o tribunal que presenten xustificación documental dos mesmos. Solo se terán en conta os cursos que no CV recibido apareza como “tipo de acreditación: DOCUMENTAL”.

Se valorarán os seguintes apartados, ata un máximo de 4 puntos:

B.1) Experiencia en postos de similares características á categoría profesional de que se trate: 0,05 puntos por cada mes traballado ate un máximo de 1 punto.

B.2) Por cursos relacionados co posto de traballo: a razón de 0,10 puntos por cada curso. Ata un máximo de 1 punto.

B.3) Criterios específicos, atendendo ao posto ao que opte:

. TRABALLADOR/A FORESTAL: Por estar en posesión do permiso de conducir clase C en vigor: 1,00 puntos.

. ENXEÑEIRO TÉCNICO FORESTAL: Por dispoñer doutra titulación superior diferente á requirida..... 1 punto

B.4) CRITERIOS DE PREFERENCIA ESTABLECIDOS POLA ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2026, ART. 14.6): ata un máximo de 2 puntos (a valorar segundo a declaración xurada Anexo II).

En función do recollido no artigo 14.6 da Orde de 22 de xaneiro de 2026 pola que se





Concello de Meaño

establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento:Rural Activo para o exercicio 2026, para realizar a baremación, dos colectivos aos que fai referencia, se terá en conta o declarado no Anexo II que deberá ser asinado polos aspirantes ante o tribunal na data e hora en que son convocados polo SEPE e/ou a documentación acreditativa, de ser precisa, aportada:

- Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría. 0,50 puntos. Comprobarase no CV enviado polo SEPE.
- Mulleres0,25 puntos. Acreditarase co DNI.
- Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero....0,25 puntos. Acreditarase con sentenza firme, orde de protección.
- Menores de 30 anos ... 0,25 puntos. Acreditarase co DNI
- Menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego ... 0,25 puntos. Acreditarase currículo enviado SEPE, e/ou informe vida laboral.
- Menores de 30 anos sin cualificación profesional ... 0,25 puntos. Serán de baixa cualificación aqueles que non acadasen os estudos correspondentes de Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente
- Persoas paradas de longa duración....0,50 puntos. Aquelas persoas que acumulen doce ou máis meses en situación de desemprego, sen desenvolver actividade. Acreditarase declaración Anexo II e tarxeta demandante emprego.
- Persoas con discapacidade..... 0,50 puntos. Acreditarase coa declaración Anexo II e co certificado correspondente.
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito..... 0,50 puntos. Acreditarase coa declaración Anexo II.
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos...0,50 puntos. Acreditarase co DNI.
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia ou persoas trans.....0,50 puntos. Acreditarase coa declaración Anexo II.
- Persoas emigrantes retornadas ou estranxeiras con autorización ou permiso de





Concello de Meaño

residencia e traballo en España.....0,50 puntos. Acreditarase coa declaración Anexo II. Os membros do tribunal poderán solicitar xustificación acreditativa.

SEXTA.- Puntuación final e proposta de contratación. Lista de reserva.

A Puntuación Final de cada categoría virá dada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e de concurso.

Rematado o proceso selectivo, puntuados os méritos alegados polos aspirantes, o Tribunal, na acta da última sesión, incluirá a relación de aspirantes que superaron o mesmo en orde decrecente de maior a menor puntuación total, propoñendo o Sr. Alcalde para a súa contratación daqueles aspirantes que encabecen as relacións resultantes para as distintas categorías, en función do número de traballadores previstos para cada ocupación.

O Alcalde, de conformidade coa proposta do Tribunal, ditará Resolución de contratación unha vez achegada a documentación necesaria para elo.

As puntuacións finais e a proposta de contratación serán publicadas no taboleiro de anuncios e na páxina Web do Concello e os interesados disporán dun prazo de 2 días hábiles para formular alegacións/reclamacións as mesmas.

Os restantes aspirantes que superaron as probas selectivas e non foron propostos para a súa contratación formarán unha lista de reserva, confeccionada por orde de maior a menor puntuación para os supostos en que fora precisa a contratación de novo persoal das citadas categorías ao abeiro da axuda concedida ao Concello de Meaño, programa Galicia Suma Talento, Rural Activo 2026 nº Expte: TR351G-2026-00000035-05.

Os aspirantes propostos para ser contratados deberán de presentar no prazo de 2 días hábiles dende o anuncio da proposta de contratación a seguinte documentación:

- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a





Concello de Meaño

sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

-DNI

-Acreditación médica de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida realizar as funcións propias do posto ao que opta, orixinal ou copia cotexada.

-Tarxeta Seguridade Social, copia.

- Nº de conta bancaria, con código IBAN, da que sexa titular.

-Tarxeta demandante de emprego actualizada, copia.

-Declaración responsable de non ter sido contratados/as por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

- Copia documentación esixida para o ingreso en cada unha das ocupacións.

SÉTIMA: Comisión de valoración-Tribunal.

7.1 Tribunal Traballador/a forestal

Presidenta: Isabel Amil Núñez, Axente de emprego do Concello de Meaño

Suplente: Trinidad Lorenzo Lema, Administrativa do Concello de Meaño

Secretaria: Alejandra Rodriguez Cortegoso, Auxiliar Administrativa do Concello de Meaño;
suplente: M^a del Mar Pereira García, Técnico de xestión do Concello de Meaño.

Vocais:

- Virginia Pintos Agís, operaria encargada de parques e xardíns do Concello de Meaño

- Sheila Maria Barreiro Bouzada, auxiliar administrativa do Concello de Meaño .

- José González Roma, operario encargado obras e servizos Concello de Meaño.

Suplente: José Calixto Dozo Varela, operario do Concello de Meaño

7.2 Tribunal Enxeñeiro/a Técnico/a Forestal





Concello de Meaño

Presidenta: Isabel Amil Núñez, axente de emprego do Concello de Meaño.

Suplente: Maria del Carmen Rey Romero, axente emprego concello de Meis.

Secretaria: M^a del Mar Pereira García, técnico de xestión do Concello de Meaño.

Suplente: Cristina García González, Informadora xuvenil do Concello de Meaño;

Vocais:

- Antonio Vázquez Rosales, Arquitecto do Concello de Meaño

- Pilar Domínguez Panadero, Traballadora Social do Concello de Meaño.

- María Ribadomar Blanco, Mestre Educación Infantil do Concello de Meaño.

Suplente: Elena García González, Mestre Educación Infantil do Concello de Meaño.

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia da metade dos seus membros titulares (titulares e/ou suplentes) e , en todo caso, coa asistencia do/a presidente/a e do secretario/a.

Non poderán formar parte dos Tribunais o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou laborais temporais, nin o persoal eventual.

Todos os membros deberán ocupar en propiedade praza para cuxo acceso sexa necesario posuír titulación de igual nivel ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

A participación nos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta allea. Os órganos de selección deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderán na súa composición á paridade entre homes e mulleres.

Cando existan dificultades técnicas ou de outra índole que así o aconsellen, o Tribunal poderá incorporar aos seus traballos asesores especialistas para as probas e cos cometidos que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas, con voz pero sen voto. Así mesmo, os Tribunais poderán valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O réxime xurídico aplicable aos Tribunais axustarase en todo momento ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e demais disposicións vixentes que lles sexan de aplicación.





Concello de Meaño

En caso de ausencia do Presidente e do seu suplente, o primeiro designará de entre os vocais un substituto que o suplirá. En defecto de designación, a substitución realizarase de conformidade do previsto no artigo 19.2 da Lei 40/2015, do 01 de outubro.

NOVENA.

No caso de quedar deserto ou incompleto o proceso selectivo, o Sr Alcalde queda autorizado a convocar novamente cantas veces fose necesario, remitindo ampliación de oferta de emprego ó Servizo Público de Emprego de conformidade coas presentes bases.

DECIMA: Protección Datos

Os datos de carácter persoal serán tratados baixo os requisitos do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e demais normativa que o desenvolve.

Responsable: CONCELLO DE MEAÑO, con NIF nº P 3602700A. Dirección en Campo dá Feira, 1, 36968, Meaño, Pontevedra. Correo: concellodemeano@concellodemeano.com.

O interesado ten dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos. Finalidade: os datos que son recollidos e tratados serán os necesarios para a tramitación do correspondente procedemento administrativo.

Lexitimación: Consentimento do interesado ou cumprimento dunha obrigaón legal aplicable ao responsable do tratamento .

Destinatarios: Non se cederán os datos a terceiros, salvo obrigaón legal ou que os mesmos sexan públicos.

Dereitos: Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos datos dirixíndose por escrito e achegando o seu DNI, á seguinte dirección Campo dá Feira, 1, 36968, Meaño, Pontevedra.

Correo: concellodemeano@concellodemeano.com. Categorias dos datos: identificativos, características persoais e sociais, académicos, profesionais, económicos, financeiros ou de seguros.

Prazos de supresión: Os prazos previstos pola lexislación administrativa.

ANEXO I-





Concello de Meaño

TEMARIO TRABALLADOR/A FORESTAL

- 1.- Operacións básicas de mantemento de zonas verdes.
- 2.- Ferramentas manuais e maquinaria forestal: clases, utilización, manexo e mantemento das mesmas.
- 3.- Os traballos de roza de matorral, limpeza de cortalumes, eliminación de residuos vexetais e similares.
- 4.- Rozas, clareos, claras e podas, na prevención de incendios.
- 5.- Normativa en materia de prevención de riscos laborais. Equipos de protección individual

TEMARIO ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A FORESTAL

1. A Lei 7/2012, de 28 de junio de montes de Galicia.
2. A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
3. A Ordenanza Reguladora da Limpeza de Terreos e Solares e de medidas de prevención de defensa contra incendios forestais no termo municipal de Meaño.

ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE PROCESO SELECTIVO PROGRAMA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026

DON/A: _____

DNI/NIE: _____

ENDEREZO: _____

TELÉFONO/S DE CONTACTO: _____

Posto ao que opta: _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. QUE SON COÑECEDOR/A DE QUE ESTOU CONVOCADO/A DE FORMA OFICIAL A TRAVES





Concello de Meaño

DA OFICINA DE EMPREGO DE CAMBADOS ÁS PROBAS DE SELECCIÓN ESTABLECIDAS NAS BASES DE CONVOCATORIA.

2. QUE Á DATA DE PRESENTACIÓN PERCIBO OS SEGUINTE INGRESOS MENSUAIS, _____ Euros.

En concepto de: (marcar a opción que corresponda):

- a) Prestación Servizo Público de Emprego (desemprego, RAI, axuda familiar...)
- b) Prestación Seguridad Social (discapacidade, orfandade, viudedade...)
- c) RISGA (renda de inserción social de Galicia)
- d) Outras Axudas (a vítimas de violencia de género, a emigrantes retornados, ...)

3. DECLARACIÓN CRITERIOS DE PREFERENCIA (marcar o que proceda):

- Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, ganadería e xardinaría: SI NON
- Mulleres: SI NON
- Mulleres que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero: SI NON
- Menores de 30 anos. SI NON
- Menores de 30 anos demandantes do primeiro emprego: SI NON
- Menores de 30 anos sen cualificación profesional: SI NON . Titulación _____.
- Persoas paradas de longa duración: SI NON Parada dende o _____.
- Persoas con discapacidade: SI NON. En caso afirmativo dita incapacidade non impide realizar as labores do posto.
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: SI NON
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos: SI NON
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia ou persoas trans: SI NON





Concello de Meaño

- Persoas emigrantes retornadas ou extranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España: SI NON

4. Persoas traballadoras que fosen contratadas no programa Aprod Rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, (*non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2025. IGE)*) : SI (en caso afirmativo indique en que concello _____) NON

5. Outra declaración:

Manifesto que _____

Meaño, a _____, de _____, de 2026.

Asdo: _____

Nota: En relación con esta declaración xurada, cómpre subliñar que os/as candidatos/as:

- Autorizan expresamente ao Tribunal a solicitar, no seu caso, calquera documentación que considere oportuna para acreditar e/ou validar os datos contidos nesta declaración,
- Responsabilízase expresamente da veracidade de todos os datos que recolle a documentación aportada en xeral e, especificamente esta declaración, asumindo as posibles consecuencias derivadas da falsidade e/ou ocultación de información, podendo dar lugar a expulsión do proceso selectivo, a falsificación, ocultación ou inexactitude dos datos declarados.
- Comprométense de xeito expreso a comunicar ao Tribunal de forma inmediata e por escrito, calquera circunstancia específica de importancia para a valoración destes apartados dentro deste proceso selectivo.
- No caso de que este documento non sexa cuberto, non se valorarán os criterios de preferencia.

Os datos persoais que nos faciliten serán tratados para o proceso de selección realizado polo Concello de Meaño durante a duración do mesmo, baixo os requisitos do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos.

Neste sentido, informase que os seus datos persoais unicamente serán tratados para facerlle partícipe do proceso de selección de persoal realizado polo CONCELLO DE MEAÑO levando a cabo unha análise do perfil do solicitante co obxectivo de seleccionar ao mellor candidato para a posto vacante. Non se realizarán cesións de datos a terceiros nin transferencias internacionais de datos.





Concello de Meaño

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento e portabilidade de datos dirixíndose por escrito e achegando o seu DNI, á seguinte dirección CONCELLO DE MEAÑO Rúa Campo dá Feira nº1, CP 36968, Meaño (Pontevedra) ou ben ao seguinte correo electrónico concellodemearno@concellodemearno.com.

A base xurídica deste tratamento é o teu consentimento, por tanto, no caso de que non esteas conforme con este tratamento non o poderemos incluír no proceso de selección obxecto desta convocatoria.

En Meaño , O Alcalde, Carlos Vieitez Fernández

Documento asinado e datado electronicamente.

